

CONVENIOS ENTRE A XUNTA DE GALICIA E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO, DERIVADOS DO PLAN GALEGO DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Universidades ten previsto formalizar coas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026, abrangendo o período comprendido entre os exercicios económicos 2022 a 2026, ambos inclusive.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer os compromisos da Xunta de Galicia e cada unha das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para o cumprimento das determinacións contidas no Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nun interese público xa que o Plan concíbese como un instrumento de programación plurianual no que se fixan os principais obxectivos a acadar para mellorar a calidade e a eficiencia do ensino universitario en Galicia. Así mesmo, define criterios de asignación de recursos explícitos baseados no custe estándar da docencia e na obtención de resultados nos ámbitos fundamentais da actividade universitaria: docencia, investigación e transferencia. Así mesmo pretende fomentar á adecuación da oferta ás demandas sociais, reorientando a oferta docente, potenciando a formación continua, a actividade investigadora e a transferencia tecnolóxica e promovendo a mellora da calidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e



2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

